

SESIÓN INTERACTIVA
A PSICOLOXÍA APLICADA AO
TRABALLO E ÁS ORGANIZACIÓNS



**Sección de Psicoloxía do Traballo e das
Organizacións**

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

Santiago de Compostela, 12 de febreiro 2026

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

A Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) continúa cos puntos de encontro co estudiantado para coñecer e intercambiar impresións sobre os distintos ámbitos e competencias profesionais, así como os retos e obstáculos que se presentan nun escenario sociolaboral marcado por continuos cambios.

Un punto de encontro para expoñer experiencias, identificar liñas de actuación e por en valor as competencias para o desempeño profesional.

- **ORGANIZA:**

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

- **COORDINAN:**

Noelia Turnes Boquete (G-6577) e Carlos Montes Piñeiro (G-3367).

- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:**

Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da USC.

- **HORA:**

De 17:00 a 18:30 horas.

- **DATA:**

Xoves, 12 de febreiro de 2026.

- **CURSO ACADÉMICO 2025-2026:**

Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

“Das aulas da USC á Consultoría de Talento: como a psicoloxía transforma as empresas”

Nerea Castro Pardavila

Consultora de Selección e Talento, Responsable de Assessment e Auditorías en Servitalent.

Graduada en Psicoloxía pola USC e Máster en Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e en Recursos Humanos pola Universitat Jaume I.

Non hai tanto tempo, eu tamén estaba nesas mesmas aulas coa dúbida de se a clínica era o único camiño para exercer a nosa profesión. A miña perspectiva mudou ao realizar as prácticas en Servitalent, onde descubrín que as organizacións son tamén un bo escenario para aplicar a nosa ciencia.

Tras máis de cinco anos de traxectoria, na actualidade traballo como Consultora de Talento e Selección e Responsable de Avaliación. No meu día a día, procuro demostrar que a psicoloxía é unha ferramenta moi potente para transformar as empresas, avaliando o potencial das e dos profesionais e conectando ás persoas coas súas oportunidades ideais.

Veño contarvos como pasei desas mesmas cadeiras nas que estades vós a gozar dunha rama da psicoloxía que, para moitas persoas, segue a ser unha grande descoñecida.

- **PREZO:**

Estudantes do Grao en Psicoloxía, Asociadas/os da Sección de PTO e Membros da División de PTORH.....Gratuito
Psicólogos/as colexiados/as.....10€

- **INSCRICIÓN:**

Remitindo o boletín de inscrición ao correo do COPG (copgalicia@copgalicia.gal). A xornada terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia o estudiantado do Grao en Psicoloxía, as psicólogas e psicólogos asociados á Sección de PTO e á División de PTORH.
Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.
Último día de inscrición: **11 de febreiro de 2026.**